

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

ORGANISMO: DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

Capítulo	
Epígrafe	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

Resolución da Dirección Xeral de Administración Local, do 30 de xullo de 2019, pola que se fan públicas as novas inclusións e actualizacións de méritos nas bolsas para a provisión temporal mediante interinidade de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.

TEXTO

Con data 3 de xullo de 2019 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 1 de xullo de 2019 da Escola Galega de Administración Pública pola que se convocaban os cursos de formación practica do persoal interino que desempeñe os postos reservados a funcionarios de Administración Local da Comunidade Autónoma de Galicia con habilitación de carácter nacional.

Finalizado o 24 de xullo o citado curso de formación práctica e de conformidade coa proposta de actualización de méritos do tribunal designado para iso por esta Dirección Xeral de Administración Local, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Facer pública a relación de persoas declaradas aptas no curso práctico de formación pola Escola Galega de Administración Pública no portal de servizos web Eidolocal e na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/tramitar/PR410A>.

Segundo.- Facer pública a relación de méritos actualizados das persoas que forman parte das listas publicadas en 2018 e que así o solicitaron.



Terceiro.- Publicar a relación integrada e actualizada de persoas integrantes das listas correspondentes ás subescalas de Secretaría-Intervención, Secretaría e Intervención-Tesourería para a selección de persoal interino para a cobertura de postos de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional das citadas subescalas, no portal de servizos web Eidolocal e na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/tramitar/PR410A>

Terceiro.- Estas bolsas integradas e actualizadas entrarán en vigor ao día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da presente resolución.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a directora xeral de Administración Local, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, ou poderáse interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, en relación co artigo 10.1 do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

A Directora Xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez

INSÍRASE

A Secretaria Xeral Técnica

Beatriz Cuiña Barja

